

Autor: **FRAN ALONSO**

Tradución: **FRAN ALONSO** e **XOSÉ LUIS ALONSO VILLAVERDE**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Caixón de Narrativa


224 páxinas. 14,5x21 cm.

ISBN 978-84-96957-07-7

Prezo: 15 €

MALES DE CABEZA

Está decidida: hoxe collerá o tren, calquera tren, o primeiro tren que saia, e alonxarase para sempre. Danlle mareos só de pensar en chegar á casa, enfrontarse á cara licuada da súa filla preñada, escoitar a voz pastosa do seu home, facerlles, unha vez máis, outra tortilla para a cea, inútiles, máis que inútiles, tomar unha pastilla para durmir, deitarse pensando na sorte do seu fillo, espertar cos nervios de punta, chorar en silencio na cama, outra vez, volver coller o barco, facer máis tortillas para eses mesmos obreiros cos mesmos ollos de goma de sempre.



A loucura e a súa antítese, a lucidez, son o eixe sobre o que xiran estas historias, entrecruzadas como unha tea de araña. Os seus personaxes e as súas circunstancias non deixan de ser familiares para o lector, inmerso nun mundo no que as tensións diarias e a neurose colectiva alteran o noso fráxil equilibrio emocional. E así, entre a tenrura e a crueza, a ironía e a solidariedade, vaise tecendo unha necesaria reflexión sobre o ser humano e o noso tempo, as súas virtudes, os seus límites e as súas miserias.

Un libro de estrutura orixinal e estilo vivaz, cheo de humor, con influencias cinematográficas, que afonda no lado enigmático da mente, onde aniñan a perplexidade e as contradicións dun tempo que é o noso; onde se incuban os ciumes, as fobias, o medo, a angustia e as manías; onde se custodia a brúxula da nosa vida.

FRAN ALONSO (Vigo, 1963)

Narrador e poeta, licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa. A súa traxectoria profesional está vencellada ao eido do xornalismo e da edición. Coa obra titulada "Trailer" gañou en 1991 o Premio Blanco Amor de Novela. Seguironlle outros títulos como "Cemiterio de elefantes" (1994), "Silencio" (1995), "Territorio ocupado" (1998) e "O brillo dos elefantes" (1999), "Males de cabeza" (2001), "Cartas de amor" (2006) e "A vida secreta de María Mariño" (2007).

A súa relación aos medios de comunicación concrétese a través da colaboración en publicacións como *Diario 16 de Galicia*, *La Voz de Galicia*, *A Nosa Terra* e o suplemento "Luces" do diario *El País*. Mantén na rede o blog *Cabrafanada*. Como poeta, é autor de "Ciudades", Premio Rañolas ao mellor libro infantil e xuvenil de 1997, traducido ao castelán. Unha boa parte da súa poesía está recollida no volume "Subversións" (2001). O seu último poemario, "Balada solitaria", é un diálogo entre os seus versos e as imaxes do fotógrafo portugués Renato Roque. Tamén é autor da antoloxía "Poetízate" (2006) e do álbum ilustrado "A casa da duna" (2002), incluído na lista The White Ravens.